

Producción bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres. Día das Letras Galegas 1999

Mario Romero Triñanes

RESUMO Comeza cunha referencia á controvertida celebración do Día das Letras Galegas e ás publicacións que se editan ao fío da homenaxe que se fixo no ano 1999 a Roberto Blanco Torres. Isto sérvelle a Mario Romero para trazar unha panorámica comentada sobre os novos achegamentos e contribucións das obras de ou sobre Roberto Blanco Torres que saíron do prelo. Estructura o artigo nos seguintes apartados: "Biobibliografías", "Reedicións", "Antoloxías", "Estudios críticos", "Obras colectivas" e "O epistolario a Unamuno".

ABSTRACT This study opens with a reflection on the controversial Galician Literature Day (May 17) celebrations in 1999, and goes on to examine the whole range of publications to which that year's event, dedicated to Roberto Blanco Torres, gave rise. The following sections are included: Biobibliographies; Reissues; Anthologies; Critical Studies, individual; Critical Studies, collective; The Correspondence with Unamuno.

161

Introducción

Cuestionada por algúns a súa conveniencia e eficacia e aplaudida e recoñecida por outros, o certo é que tódolos anos a data do Día das Letras Galegas garante a aparición dunha considerábel cantidade de material bibliográfico que, con maior ou menor fortuna, contribúe a un mellor coñecemento da figura homenaxeada.

Dende que o día 3 de xullo de 1998 a Real Academia Galega elixise a Roberto Blanco Torres para lle dedicar o Día das Letras Galegas de 1999, viron a luz toda unha serie de libros dos que tentamos dar noticia nas vindeiras liñas.

A figura e a obra de Roberto Blanco Torres, nacido en Cuntis en 1891 e asasinado en outubro de 1936, vítima da sublevación militar, quedou practicamente esquecida da memoria dos galegos logo de ser personalidade relevante no panorama político e cultural do seu tempo, destacado e incansábel xornalista, activo político, orixinal poeta e sobre todo home de sólidos principios e profundas conviccións humanas.

As dramáticas circunstancias nas que lle arrebataron a vida unido a este esquecemento ao que nos referimos provocou que para moitos o 17 de maio de 1999 fose desta volta concibido como un acto de reparación e de xustiza, como un exercicio de memoria histórica, e ao mesmo tempo condicionou que boa parte do material publicado estivese tinguido de emoción¹. Así mesmo, a necesidade primeira de “dar a coñecer” fixo que agromasen de xeito especial traballos de carácter divulgativo e escolmas.

1. Biobibliografías

162 Cinco son os volumes de índole biobibliográfica, algúns deles publicados xa dentro do ano 1998 e, se cadra, limitados nalgúns puntos concretos pola présa. Trátase fundamentalmente de percorridos vitais nos que a finalidade divulgativa e o acopio de datos prevalece sobre a análise crítica e a investigación de episodios da vida do homenaxeado, que nalgúns casos parecen non quedar en todo punto claros.

O máis cumprido destes traballos é o copioso volume de Juan L. Blanco Valdés titulado *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e a obra de Roberto Blanco Torres*². A condición de sobriño-neto de Blanco Torres leva ao autor a concibir esta obra en forma de “obriga ética”, segundo fai constar na introducción, indicando que este libro é unha “edición de urxencia” que deixa para o futuro reflexións críticas e máis metódicas.

A peripecia vital propiamente dita é tratada no apartado I “A vida”. Acompañado de fotografías realízase o percorrido por orde cronolóxica dos

¹ No eido da creación literaria a homenaxe tivo a súa expresión no volume *Coroa literaria para Roberto Blanco Torres. Contra a súa morte*, edición de Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1999. Confórmano vintenove poemas e catorce textos en prosa todos eles correspondentes a autores galegos vivos.

² Sada-A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos, 1998, 398 pp.

momentos máis significativos da vida do cuntese. Nalgúns casos sérvese da memoria familiar para se referir a algúns episodios concretos como as visitas de Castelao, Cabanillas e Otero Pedrayo á casa de Lores, o incidente co director de *El Pueblo Gallego*, Xosé Fernández Mato, que case remata nun duelo, ou o dos momentos previos ao seu fusilamento. Aclara o autor que Blanco Torres, autodidacta, nunca foi seminarista nin cursou estudos eclesiásticos, tal e como se ten citado en ocasións nunha confusión co seu irmán crego Xermán. Asemade pon Blanco Valdés o acento, por exemplo, nas polémicas con Jaime Solá ou no influxo exercido por Miguel de Unamuno. Pero o aceno máis analítico do libro enfatiza a importancia do termo *palingenesia* como revelador do punto clave no pensamento de Blanco Torres, entendido este concepto como o obxectivo último dun proceso de renacemento ou rexeneración do espírito colectivo, froito dunha empresa colectiva de ilusión e esforzo, de tolerancia e solidariedade. Apunta o biógrafo o impulso universalista, herdeiro do rexeneracionismo do 98, desta ideoloxía que o vai conducir do seu galeguismo inicial cara a posicións de corte republicano.

No tocante á obra esta recibe un trato sucinto, limitada no caso de *Orballo da media noite* (1929) ás escasas opinións suscitadas ao longo do tempo. Canto á recompilación de artigos xornalísticos de *De esto y de lo otro* (1930), salientáse a vizosidade e riqueza da súa prosa xornalística xunto á variedade desta. En tan intensa biografía revélase como valiosísimo o índice onomástico que pecha o volume.

Pero o volume de Blanco Valdés sobresa polos tres apartados seguintes. O II, “A Obra. Escolma” acolle no referente á obra poética a reprodución facsimilar de *Orballo da media noite* xunto a poemas soltos procedentes de *A Nosa Terra, Galicia e Nós*, e un inédito en castelán titulado “Labriego”. Así mesmo inclúe dúas prosas poéticas: “Conversas cun amigo” e “A derradeira viaxe”. A escolma da obra xornalística divídese en “Escritos políticos”, “Escritos filosóficos e de pensamento”, “Escritos sobre a lingua, de crítica social e actualidade cultural” e “Escritos de crítica literaria”. O apartado III, “Documentos”, acolle un rico repertorio documental no que se mostran entre outros documentos a copia literal da partida de nacemento, partida matrimonial e partida de defunción, o famoso artigo en latín co que pretendeu burlar a dictadura de Primo de Rivera, o texto dunha sentenza condenatoria do tribunal Supremo por inurias e outra absolutoria da Audencia Provincial. Inclúese tamén a reprodución das páxinas de *La Zarpa* con motivo da homenaxe que se lle

rendeu a Blanco Torres o día 4 de xaneiro de 1930, unha carta manuscrita a Eduardo Blanco Amor, a reportaxe feita pola revista *Norte* con motivo do seu cargo de gobernador civil de Palencia, a reprodución dalgunhas notas manuscritas en libros a Blanco Torres e o manuscrito dun bosquexo autobiográfico. Complétase o libro cunha detallada, aínda que loxicamente non definitiva, bibliografía primaria e secundaria.

O propio Juan Luis Blanco Valdés achéganos outro traballo biobibliográfico, neste caso máis reducido nas súas dimensións. Titulado *Roberto Blanco Torres*³, o libro engrosa a colección, que baixo o título de “A Nosa Memoria”, lle dedica a Xunta de Galicia á difusión da figura de importantes personalidades da cultura galega. Abórdanse nel os momentos máis significativos da vida do escritor cuntese e xunto á lóxica omisión, por cuestións de extensión, de datos presentes no volume anterior, incorpóranse outros que matizan e complementan *Hipertensión cívica*. Ocorre isto por exemplo no relativo ao cargo de Blanco Torres como gobernador civil de Palencia insinuando agora que a súa dimisión prematura puido deberse a un enfrontamento cun sector do republicanismo local. Repara nos problemas derivados da negativa dos xesuítas de Carrión de los Condes a abandonaren o lugar cumprindo a orde goberamental republicana e ás molestias que isto lle causaba ao gobernador. Tamén esta obra se completa cunha escolma de poesía e artigos xornalísticos. Nela recóllense, ademais dalgunhas composicións tiradas de *Orballo da media noite*, outras procedentes de *A Nosa Terra* e *Nós*. Cómpre destacar aquí a reprodución do poema de 1911 “Foguetes” procedente do xornal habaneiro *Galicia* e do que non se dá conta na maior parte dos outros traballos publicados.

Outra das achegas biobibliográficas vén da man de Clodio González Pérez con *Roberto Blanco Torres. Vida e obra*⁴. Na introducción e cun ton emotivo que tamén percorre algunhas partes do libro, sitúa o autor a Blanco Torres como “un dos mellores xornalistas do primeiro tercio do século XX”. Máis parco en datos que os dous anteriores, o libro aborda o periplo vital de Blanco Torres cun estilo sinxelo e cunha marcada claridade expositiva á que axudan a curta extensión dos epígrafes, revertindo todo nunha lectura asequíbel á que tamén

³ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia e Administración Pública. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, col. A Nosa Memoria, nº 20, 1999, 121 pp.

⁴ Noia: Toxosoutos, col. Fasquía, nº 3, outubro 1998, 140 pp.

contribúen o acompañamento de fotografías e cabeceiras de xornais. Malia ó incompleto tratamento dalgunhas partes (como pode ser o caso da estancia en Palencia de Blanco Torres como gobernador civil), destaca o desenvolvemento no tocante á etapa cubana, dando noticia de que as primeiras publicacións na illa caribeña viron a luz no xornal *Follas Novas* en 1907, dato que sorprendentemente se obvia noutros traballos mesmo posteriores. Unha vez máis a atención á obra é mínima e cinguense a algúns fragmentos de recensións publicadas ao redor de *Orballo da media noite* e *De esto y de lo otro*. Tamén neste caso se completa a obra cunha breve escolma de poemas e prosas xornalísticas.

A Asociación Cultural “O Meigallo”, de Cuntis, é a instancia que viña pedindo con máis insistencia dende hai tempo a dedicatoria do Día das Letras Galegas para o escritor cuntiense. Da autoría de Marcos Seixo Pastor, membro activo desta asociación, é *Roberto Blanco Torres*⁵. De tapas duras e coidado deseño, aínda que non está de xeito explícito dirixido ao lectorado máis novo, o certo é que pode actuar axeitadamente como tal en vista desta presentación e da claridade na achega á vida e obra de Blanco Torres. Así o parece confirmar ademais a inclusión como apéndice de dous fermosos textos que teñen aos nenos como protagonistas: o esperanzado “Amor á terra”, tirado dese tesouro hemerográfico que foi *As roladas. Folla dos rapaciños galegos*, e por outra parte “O derradeiro viaxe”, incluído, malia non ser citada a súa fonte, no volume *Linóleums de Xaime Prada* (1927), publicado pola Editorial Nós. É de agradecer que no propósito divulgativo non se pase por alto a obra e non se reduza o seu tratamento á reprodución da recepción senón que na aproximación á *Orballo da media noite*, e cunha concisión proporcional á brevidade do libro, se indiquen algunhas claves temáticas e estilísticas que poden servir, de xeito didáctico, como punto de partida para unha primeira toma de contacto cos textos.

Dende hai uns anos a colección de literatura infantil e xuvenil “Árbore” da Editorial Galaxia vén realizando contribucións biográficas sobre os homenaxeados no Día das Letras Galegas. Desta volta faino coa obra do xornalista e escritor Xosé Durán con *Roberto Blanco Torres. Xornalista e poeta*⁶ no que tamén se aborda a traxectoria vital do homenaxeado. Sobresae o traballo de Durán

⁵ Vigo: Promocións Culturais Galegas. A Nosa Terra, outubro 1998, 62 pp.

⁶ Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie Letras Galegas, xaneiro 1999, 104 pp.

polo seu rigor e a súa profusión de información pero por momentos semella que a pretendida amenidade e narratividade, clara nas primeiras páxinas, acaba por se esvaer na densidade de datos e datas.

2. Reedicións

No marco das xornadas de Cuntis celebradas en setembro de 1998 o concello custeou a reedición facsimilar⁷ de *Orballo da media noite* cun prólogo do profesor Xesús Alonso Montero titulado “Primeiro achegamento á poesía de Roberto Blanco Torres”, no que constitúe o primeiro impulso para esta redescuberta do escritor. Ademais dalgúns apuntamentos relativos á vida do autor e á recepción da obra antes e despois de 1936 salienta o peso da cultura latina e alude ademais a outros poemas publicados en prensa con anterioridade á publicación de *Orballo*.

Poucos meses máis tarde apareceu a necesaria e rigorosa edición de Miro Villar de *Orballo da media noite*⁸. O completo estudio introductorio ábrese cun “Perfil-biobibliográfico” e continúa co “Contexto Histórico e Literario” no que asistimos ao primeiro enfrontamento coa sempre problemática cuestión da adscrición xeracional. Opta o editor por incluír a obra de Blanco Torres na chamada “Xeración do 22” en base ás características renovadoras, malia estar por idade máis próximo ao grupo anterior de Xohán Vicente Viqueira, Otero Pedrayo, Victoriano Taibo e Antón Zapata García. Pon de relevo, deste xeito, a conflictividade que se deriva do establecemento das “xeracións” entre diversos autores e poéticas que coinciden nun tempo determinado e apela á necesidade de relativizar o factor da idade en favor dunha lectura sociolóxico-formal. Neste sentido sitúa a poesía do autor no movemento de renovación poética que vai dende 1922 a 1936. Ademais repara no carácter “auroral” da poesía presente na obra en contra do carácter epigonal ao que se adoita apelar para incluír a Blanco Torres nun grupo de autores esquecidos do que tamén formarían parte entre outros Xulio Sigüenza, José María Brea ou Ánxel Johán.

A achega á obra poética comeza coa referencia á obra dispersa e ás traducións, proseguindo cun seguimento da recepción que situaría *Orballo* como un

⁷ Edición facsímile, Cuntis: Concello de Cuntis, 1998, 83 pp.

⁸ Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 44, 1998, 148 pp.

dos libros que máis entusiasmo xerou na súa época. No tocante á estrutura e liñas temáticas trata de apuntar algúns microtemas latentes debaixo das dúas grandes liñas (filosófica e civil) que se lle teñen indicado dende as primeiras recensións, concordando, asemade, coa extendida opinión que apunta falta de orixinalidade e perda de potencia lírica na segunda parte do poemario. Sobresae o pormenorizado estudio no que se destapa un rico repertorio intertextual que vai dende a reprodución de citas e versos ao diálogo coa tradición greco-latina ou o influxo de Nietzsche ou Bergson. A introducción literaria complétase co estudio dos recursos estilísticos e da métrica, revelándose a preponderancia do verso medido que contradí a pretendida escaseza de preocupación musical tantas veces asignada ao autor de *Orballo*.

A detallada análise lingüística cóbrese de transcendencia na atención ao pulo renovador do léxico e na participación activa nos vivos debates sobre a necesidade da unificación ortográfica, incluíndose o seu artigo “La unificación ortográfica del idioma gallego”, no que o autor se aliña xunto dos que se inclinan por unha opción etimoloxista. O volume inclúe ademais dos textos un valioso glosario e a reprodución do artigo “La nueva generación literaria gallega”, que dá conta do seu posicionamento ante a vangarda literaria.

167

Aínda coñeceu outra reedición⁹ *Orballo da media noite* en 1999, publicada pola Dirección Xeral de Política Lingüística cun deseño realmente coidado e fermoso. Trátase dunha iniciativa levada a cabo por vintenove alumnos do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de Soledad Pite Sanjurjo profesora de debuxo e deseño deste centro, encargada tamén do prólogo. Nunha iniciativa encomiábel, cada un dos trinta e cinco poemas aparece acompañado por unha ilustración feita por estes mozos, que recrean a poesía en clave pictórica con diversidade de técnicas e con algúns exemplos de verdadeira inspiración e elaboración.

No tocante á obra xornalística, Xesús Carballo Soliño é o responsable da traducción ó galego do volume *De esto y de lo otro*¹⁰. Carente de introducción e anotacións, perdeuse con esta publicación a oportunidade de facer un estudo introductorio serio que fose acompañado de notas, elemento necesario e

⁹ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1999, 77 pp.

¹⁰ Vigo: Galaxia, marzo 1999, 166 pp.

mesmo imprescindíbel en vista da conveniencia de contextualización de boa parte da xornalística de Blanco Torres.

O labor de reedición complementouse en 1999 cos facsímiles¹¹ dos cinco números que conforman *La Tierra Gallega* (1915) e tres dos números de *La Alborada* (1912), nunha mostra máis da importante contribución para unha necesaria recuperación hemerográfica que vén realizando o grupo de traballo do Centro Ramón Piñeiro con Luis Alonso Girgado á fronte. Son dúas mostras da etapa cubana do autor, na que ademais de contactar con Cabanillas, Vilar Ponte ou Basilio Álvarez, forxouse o loitador pola xustiza e a dignidade. Trala presentación de Xosé Neira Vilas e as palabras preliminares de Anxo Tarrío Varela, a introducción, eficazmente contextualizadora, a *La Tierra Gallega*, subtitulada *Programa: contra los farsantes* e recuperadora da cabeceira utilizada anos antes por Curros Enríquez, componse dunha caracterización xeral na que se pon de relevo a natureza satírica da publicación como axitado látego (do que non se salva nin o mesmo Cabanillas) contra un sector do Centro Galego da Habana así como a tentativa errada de ofrecer traballos selectos de grandes literatos galegos e a despreocupación polo idioma galego. No tocante ao director, Blanco Torres, e aos colaboradores, chámase a atención para a anonimía e pseudonimia das publicación de corte satírico que dificultan o coñecemento de quen estaban tras daquelas sinaturas. Logo dun pormenorizado percorrido por cada uns dos números, que advirte da dureza dos ataques individuais, chegan as consideracións finais nas que se conclúe xunto á sobriedade estética a amenidade consubstancial á sátira.

Este estudio introductorio segue adiante cun detallado “Achegamento á prensa cubana (1910-1920): páxinas e publicacións de carácter cultural e literario”. Por isto e polo seguinte apartado titulado “Breve noticia do Centro Galego na Habana” trascende con moito esta reedición a figura de Roberto Blanco Torres e da propia publicación ao se converter nunha interesante achega a ese imprescindíbel capítulo da historia de Galicia que é o dos que traballaron alén mar. Este repaso pola historia do Centro Galego inclúe cifras e dá conta das actividades desenvoltas, sempre coa mirada posta en Galicia, e dá noticia da xeira cubana dalgúns dos nomes máis importantes que estiveron vencellados ao centro. Complementábase aínda cunha nómina de publicacións

¹¹ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999.

que dun ou doutro xeito lle prestaron atención e cunha escolma de textos complementarios tirados da obra *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana, 1879-1909* (1909) con datos referentes á fundación, a axuda a Rosalía de Castro e outras iniciativas sociais e culturais. Finalmente queda referirnos aos exhaustivos índices por números, autores e títulos pero sobre todo á importantísima tentativa que se fai de localizar e inventariar os fondos hemerográficos de Cuba, dando conta dos números que se poden atopar tanto no Instituto de Literatura e Lingüística da Habana como nas principais bibliotecas galegas. Aínda que se anuncia como unha primeira aproximación, un paso moi importante fica dado.

En canto a *La Alborada* (1912), nacida como medio de alento e axuda aos emigrantes galegos na procura do progreso e a cultura, tamén se fai unha caracterización xeral na que á parte do director Blanco Torres (Manrique, Fray Cirilo e Cirilo) destápanse os pseudónimos doutros colaboradores. *La Alborada* supera a *La Tierra Gallega* na nómina de colaboradores e sinaturas representadas, entre as que se atopan as de Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Valentín Lamas Carvajal. Valorada como de nivel “medio” entre as publicacións galegas en Cuba, resáltase a importancia dos anuncios como espello da actividade económica e social do galegos na illa. Malia que o seguimento se fai sobre os números 1, 2, 3, 4, 6, 8 e 9, a reprodución facsimilar só abrangue o 1, 3, 6 e 9, tamén cos seus respectivos índices.

169

3. Antoloxías

A curta extensión do *corpus* literario do autor propiciou que as escolmas lle desen cabida ós textos xornalísticos mostrando os antólogos a súa preferencia pola divulgación dos textos máis apegados á temática galega e galeguista. Malia non militar nunca nos diversos partidos que se crearon ó redor do galeguismo, queda patente, sen embargo, a preocupación constante de Roberto Blanco Torres por Galicia e a sintonía co labor desenvolto a partir das Irmandades da Fala así como o seu decidido apoio ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Seguindo esta liña, Xesús Carballo Soliño¹² escolleu once dos trinta e oito artigos que conforman *De esto y de lo otro*, logo dun limiar no que se apuntan

¹² *Disto e do outro. Antoloxía*, introducción, escolma e traducción de Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, marzo 1999, 112 pp.

algunhas claves temáticas e dunha cronoloxía do autor e do seu tempo. Os traballos escolleitos son maioritariamente, tal e como sinalamos, os que teñen como núcleo a problemática galega. Así, sempre con Galicia como pano de fondo, recóllense artigos nos que adquiren especial relevancia, entre outras cuestións, a emigración, a lingua, a literatura ou a despoboación do medio rural.

Tamén na editorial noiesa Toxosoutos Clodio Rodríguez Pérez encargouse da escolma titulada *Artigos e poemas galegos*¹³. Antecedidos por unha “sinopse biográfica” recóllense oito poemas procedentes de *Orballo da media noite* xunto coa maior parte dos poemas en galego publicados en prensa (“Dous Toliños” e “O amor”, 1907; “D’outros Tempos”, 1911; “Panteística”, 1919; “A Manuel Antonio”, 1930 e “Meus cabalos”, 1930), así como dúas traducións da restante produción poética que se lle coñece e a tradución do poema “Atardecer”, do portugués Cándido Guerreiro. No tocante á produción xornalística recóllense quince artigos, maioritariamente procedentes de *A Nosa Terra* e de temática galeguista. Trátase dunha serie na que se atopan os máis reproducidos nas distintas escolmas como “¡Sí!”, “Nós somos aristos” ou “Nazionalismo”, coa particularidade de que esta é a única colectánea das publicadas na que se recolle o artigo “¡Intolerable!”, publicado no xornal habaneiro *Follas Novas* con data do 29 de setembro de 1907, e o máis antigo dos artigos exhumados no ano dedicado a Blanco Torres. Nel expresa a súa indignación ante o posible traslado a Cádiz da escola naval de Ferrol.

170

Así, mesmo Marcos Seixo opta para a súa escolla titulada, *Xornalismo irmandiño*¹⁴, por aqueles artigos que se sitúan na órbita do nacionalismo ao reproducir todas as colaboracións xornalísticas e poéticas que viron a luz en *A Nosa Terra*. Así mesmo recolle o resto da produción xornalística en galego, minoritaria por tanto, procedente de *Galicia*, *La Zarpa*, *Nós*, *Rexurdimento*, *As Roladas* e *A Fouce*. Faino logo dunha introducción na que se achega á traxectoria do escritor no pensamento galeguista e á súa preocupación pola lingua galega. O volume péchase co apartado “Vária Xornalística” que nos presenta algunhas das súas producións poéticas en prensa.

Como cada ano a Universidade compostelá, a través do Departamento de Filoloxía Galega, acudiu á cita co Día das Letras Galegas e fíxoo con *Páxinas*

¹³ Noia-A Coruña: Toxosoutos, col. Cruceiro do Rego, nº 9, marzo 1999, 89 pp.

¹⁴ Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa&Criación, nº 6, febreiro 1999, 127 pp.

sobre a lingua galega¹⁵. En edición de Xesús Alonso Montero e con limiar do propio editor recóllense catorce textos que fan referencia á lingua galega aínda que, como sinala, nalgúns deles o tema da lingua e tratado só dun xeito tanxencial. Con esta escolma queda patente a defensa incondicional da lingua galega e a insistente reivindicación da súa validez para todos os contextos sociais (“Cuestión de idiomas... y de entendederas”, “Nós somos aristos”, “O Rexionalismo”, “Una conferencia de Unamuno”, “Idioma, Enseñanza, Escuelas”) aínda que para iso teña que contradicir aos seus admirados Unamuno e Bello. Pero tampouco faltan artigos nos que Blanco Torres, que recoñece non ser lingüista, contribúa coa súa opinión ao debate sobre a normativa así como a calidade do galego falado na época (“La literatura Gallega”, “La unificación ortográfica del idioma gallego”). Tamén é obxecto de atención a decisión da Real Academia Española de conceder dous académicos á lingua galega (“Sobre nuestro idioma en la Academia Española”) e trátanse aspectos literarios como a obra a *A man da santiña*, de Cabanillas; ou a renacente literatura galega tratada en “Las letras vernáculas y la cultura”. Complétase esta colectánea coa “Necrolóxica sobre Amor Ruibal” e “Una Oda de Horacio traducida a la lengua gallega”, poñendo a traducción feita por José María Mosquera como testemuño da capacidade expresiva e ductilidades do galego. Ademais do xa célebre artigo a prol do estatuto (“¡Sí!”) recóllese o decreto de Primo de Rivera para a incorporación das linguas hispánicas na RAE e a reacción cautelosa de Blanco Torres xunto á opinión que esta mesma cuestión lle suscitou a Víctor Casas e a Valentín Paz Andrade. Finalmente reproducécese o artigo de Bello que suscita a reacción comentada de Blanco Torres.

171

O propio Xesús Alonso Montero foi o responsable da edición de *Letras Galegas*¹⁶ publicada pola Real Academia Galega. Trátase dunha recompilación de trinta e dous artigos de prensa nos que Blanco Torres escribiu sobre autores galegos. Na liña do indicado no prólogo oscilan entre o talante crítico e a proximidade á homenaxe, aparecen ordenados segundo o literato ao que se fai referencia, entre os que se atopan Rosalía de Castro, José García Mosquera, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Manuel Antonio ou Unamuno. Destaca “La nueva generación literaria gallega”

¹⁵ Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999, 110 pp.

¹⁶ A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, maio 1999, 149 pp.

mostra que deixa ver, cando menos, a súa agudeza á hora de comprender e interpretar o panorama poético configurado por el mesmo e polos seus coetáneos.

4. Estudios críticos

Unicamente un volume desta natureza nos deparou o Día das Letras Galegas. Incluímos baixo este apartado o traballo da autoría de Xoán Carlos Domínguez Alberte *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética. Estudio crítico e escolla poética*¹⁷. O subtítulo anuncia que tamén se trata dunha sorte de escolma pero pódese dicir con xustiza que a importancia do estudio así como a súa personalidade son tan notábeis que deixan nun segundo plano a importancia dos textos escollidos. Tal e como anuncia o autor no limiar, o obxectivo é o de reconstruír unha figura humana e intelectual caracterizada pola coherencia e o rigor logo de conxugar os datos dun perfil biográfico e a interpretación crítica da obra literaria. Comeza pois con “algúns apuntamentos vitais” no que se cualifica ao autor como “contumaz defensor da causa republicana” e “xornalista republicano e pensador de esquerdas”. Seguidamente ofrécenos dous apartados con cadanseu repaso a algunhas das iniciativas culturais nas que participou Blanco Torres así como á súa traxectoria política. No tocante á actividade xornalista, tildada de “inquebrantable vocación” subliñase a variedade temática, a pulcritude do estilo e a actualidade da súa pluma, antes de proceder a un percorrido ordenado pola súa colaboración na prensa da emigración, a española e a de Galicia.

Pero o substancioso do estudio chega a partir do apartado quinto coa incursión na obra poética que tenta caracterizar a partir do seu tratamento, das opinións do propio Blanco Torres como teorizador e da recepción da crítica. Así, apúntase xa a dimensión simbólica da poesía blancotorriana estruturada bipolarmente polo humano e o estético con cadanseu lado positivo e negativo ben reflectido nun esquema. A opinión de Blanco Torres é recollida en tres artigos “La nueva generación literaria gallega”, “Dos orensanos olvidados” e “Urgencia de una nueva escuela literaria gallega” nos que o articulista non deixa de se amosar receoso coas vangardas. Co repaso á recepción da súa obra

¹⁷ Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 117, febreiro 1999, 239 pp.

culmina esta triple visión e emprende o encadramento no contexto do seu tempo. Domínguez Alberte reconece a validez do termo “Época Nós”, descarta a filiación vangardista do autor e indica que encarna o papel do poeta e filósofo da súa xeración ademais de reparar na complexidade da súa poética e na necesidade de considerar globalmente a obra poética e a xornalística como un todo orgánico. Logo de observar puntos en común co “Grupo Nós” apela á súa individualidade e á falta dunha cosmovisión afín. Deste xeito opta por un enfoque sociolóxico para falar da visión non reduccionista da “Xeración das Irmandades da Fala” como “conexión xeracional”.

A minuciosa análise de *Orballo da media noite* bota a andar partindo da concepción de Blanco Torres de que pensadores e poetas son xermolo e escola dos mellores cidadáns, ademais de reincidir no carácter unitario da creación poética e xornalística. De seguido mergúllase con detención no reflexo de ecos procedentes de Bergson, Nietzsche, Platón, Spinoza, o Krausismo, os ideais da Revolución francesa, Virxilio, Cervantes, Unamuno e Manuel Curros Enríquez. O estudio da estrutura supera de xeito orixinal a xa manida división en dúas partes para apuntar un proceso de intensificación emocional que alcanza o cénit no derradeiro poema. A densidade de *Orballo* queda patente no tamén denso estudio dos contidos desenvolvidos, co apoio nas dúas partes do poemario, a través do tratamento da metafísica transcendente, a cosmoxía, a ética, a harmonía imitativa da natureza, a dúbida relixiosa, o amor, Galicia e o seu estado, etc. O estudio dos trazos estilísticos cohesiónao fortemente Domínguez Alberte cos contidos e vai dende o anovador do léxico ata a descrición dos rexistros da voz lírica pasando pola estruturación poemática. Poderíase afirmar que o estudio gaña máis aínda en profundidade no apartado titulado “O símbolo como elemento clave na composición de *Orballo da media noite*”. Concíbese o símbolo como mediador que permite o desciframento da existencia e profundízase na interpretación do armazón simbólico que constitúe o poemario. Desta maneira pártese da importancia do número 3 como símbolo e a derivada tripartición da realidade noutros tantos estratos: un inferior, que reside na terra e enlazado co pasado; un intermedio no que conflúen o aéreo e o terrestre, co referente no presente e un superior vencellado ao aire, albergador do espírito e en conexión co futuro. Seguindo, pois, esta tripartición analízase polo miúdo a simboloxía contida no orballo, o vento, a luz, o grilo, a música, o xunco, a terra, etc.

Non podía prescindir este traballo dun completo estudio que lonxe de se deter unicamente na análise da lingua achégase á reivindicación de novos usos

para o galego no tempo das Irmandades así como a algunhas das ideas que Blanco Torres deixou espalladas na prensa.

Pola súa profundidade e persistencia interpretativa, e a falta de futuros traballos desta índole, constitúese o libro como obra de obrigada referencia para calquera achega crítica á obra de Blanco Torres. O volume complétase cunha escolla poética que non semella ter moito de escolla, dada a reprodución íntegra de *Orballo da media noite* e a maior parte da poesía espaxada (da que temos noticia).

5. Obras colectivas

Dúas obras publicadas por Edicións Xerais de Galicia veñen enriquecer dun xeito considerábel o repertorio bibliográfico anterior e configuran paulatinamente unha visión máis completa da vida e obra de Blanco Torres, mitigando un tanto a carencia de máis monografías xa sexa na faceta literaria xa na xornalística.

174

O primeiro deles titúlase *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía*¹⁸. Trátase de cinco traballos que presentan unha dimensión fundamentalmente contextualizadora. De Juan L. Blanco Valdés é “Roberto Blanco Torres. Cronoloxía”, que precede a oportuna colaboración de Xosé M. Núñez Seixas, titulada “O Contexto sociopolítico de Galicia no tempo de Blanco Torres” no que se lle presta atención ao devir socio-histórico no que viviu Blanco Torres con especial incidencia no fenómeno migratorio, na forza do agrarismo no seu momento ou no complexo mapa político do período da Segunda República. Pola súa parte Ramón Nicolás Rodríguez realiza un completo seguimento comentado da recepción de *Orballo da media noite* e *De esto y de lo otro* en “A obra literaria de Blanco Torres e a súa fortuna crítica”, para concluír o limitado interese suscitado sobre todo dende o punto de vista diacrónico. A faceta xornalística do autor cuntiense é tratada por Marcos Valcárcel en “Roberto Blanco Torres no xornalismo galego” no que nos ofrece unha visión panorámica da traxectoria xornalística de Blanco Torres ademais dunha atenta achega ás claves temáticas das colaboracións nas etapas da dictadura de Primo de Rivera e a Segunda República. O propio Juan L. Blanco Valdés pecha o volume cunha “Bibliografía sobre Roberto Blanco Torres”.

¹⁸ Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 1999, 109 pp.

En *Roberto Blanco Torres. Vida e obra. Actas das Xornadas de Cuntis*¹⁹ recóllese trece relatorios lidos nas xornadas celebradas os días 18 e 19 de setembro de 1998 baixo o patrocinio do Concello de Cuntis e a coordinación de Xesús Alonso Montero. Danse cita neste volume unha triple dimensión divulgativa, descritiva e crítica. Xosé Ramón Barreiro Fernández achégase ao eferescente panorama político da Segunda República en “O Mapa político de Galicia antes do 18 de xullo” no que advirte das cautelas con que cómpre aproximarse aos datos electorais da época en vista da forte presenza do caciquismo e da natureza dun sistema electoral ideado para favorecer as grandes coalicións. Algúns aspectos ideolóxicos son abordados por X. L. Méndez Ferrín en “Os escritores galegos na Segunda República” no que destaca o apunte da posible filiación masónica de Blanco Torres así como unha defensa do idioma máis contundente cá de moitos afiliados ao Partido Galeguista. Pola súa parte Mario Blanco Fuentes, sobriño do autor homenaxeado, achéganos algunhas anécdotas conservadas da memoria familiar en “Roberto Blanco Torres: o home na memoria da familia”. Con “Roberto Blanco Torres polos seus contemporáneos” Juan L. Blanco Valdés contribúe, rastrexando algunhas impresións da época, a unha posible etopea, aspecto un tanto descoidado en todo o material biográfico publicado, apuntando o desleixo material, a seriedade e mesmo a rixidez. Isaac Díaz Pardo lembra en “Os periodistas que padeceron a historia” unha nómina de ata dezaseis xornalistas inmolados que inclúe entre outros a Johán Carballeira, Jacinto Santiago, Víctor Casas ou Xaime Quintanilla. A memoria viva de Francisco Fernández del Riego en “Memoria dun gran escritor e bo amigo” trasládanos ao Teatro Alcázar de Madrid co acto de propaganda a prol do Estatuto Galego presidido por Blanco Torres. Unha das etapas máis activas e representativas do xornalismo de Blanco Torres é a descrita por Marcos Seixo na panorámica “Blanco Torres no *Galicia. Diario de Vigo*” con especial atención aos seus desafíos á censura de Primo de Rivera. Coa súa colaboración titulada, “Roberto Blanco Torres na prensa da emigración” X. M. Dobarro esboza o que foi a súa participación na prensa de América, fundamentalmente a de Montevideo; chama a atención neste sentido para a necesidade de precisar se estas colaboracións foron escritas expresamente para estes xornais ou se proviñan doutras publicacións, punto que nalgúns casos semella non ser claro; ademais, no tocante á etapa cubana matiza o que se veu describindo como o forte vencello do escritor cuntiense con Basilio Álvarez, fundamentalmente nun primeiro momento. Precisamente do

¹⁹ Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 1999, 103 pp.

contexto cubano e da actividade na illa caribeña ocúpase Xosé Neira Vilas en “Ámbito cubano de Roberto Blanco Torres”. As tres últimas colaboracións deste volume céntranse na faceta poética de Blanco Torres. Non nos referiremos, por ser xa comentada, á de Miro Villar posto que o aquí desenvolto está recollido no estudio introductorio a *Orballo* nin á de Ramón Nicolás, posto que coincide co artigo referido arriba. Arcadio López Casanova completa esta incursión na obra poética con “Roberto Blanco Torres e a poesía do seu tempo” onde tenta situar a obra de Blanco Torres no marco da lírica do seu tempo desmarcándose explicitamente de esquemas positivistas ou de determinismos históricos. Para isto sitúase nos “signos epocais da modernidade” de 1916-1936 e centra a súa análise no agromo dunha nova poética de ruptura sostida por “unha moi coherente e poderosa unidade xeracional” integrada entre outros por Augusto Casas, Amado Carballo, Manuel Antonio, Luis Pimentel e Bouza Brey, entre outros. Dentro desta unidade coloca López Casanova a Blanco Torres e perfila a súa situación nela caracterizando a súa obra pola brevidade, a singularidade e a unidade ao tempo que establece tres liñas básicas caracterizadas respectivamente polo esteticismo, o esencialismo telúrico e a (des)harmonía social.

176

Coordinado por X. E. Acuña e Cesáreo Sánchez Iglesias saíu *O combate incesante. Roberto Blanco Torres*²⁰, trece colaboracións que nalgúns casos achegan novas perspectivas e abordan cuestións non tratadas no común dos libros mencionados. Así, Héctor Picallo Fuentes rastrea en “Impresións da vila natal” aquelas referencias feitas por Blanco Torres respecto de Cuntis e que trascenden o amor e a lembranza da terra natal para se proxectaren na temática da emigración, a denuncia do estado do agro galego ou o atraso dos pobos. Pola súa parte con “Poeta en Cuba” Xosé M^a Dobarro e Jorge Domingo Cuadriello dan a coñecer seis poemas en castelán da etapa cubana marcados polas correntes unamunianas fronte aos textos en galego do autor nesta época máis próximos á lírica popular-tradicional. As tres colaboracións seguintes cobren outros tantos períodos xornalísticos de Blanco Torres: Antón Garazo ocúpase dos anos 1917-1919, pouco atendidos con anterioridade e que se corresponden tal e como significa o título con “Os anos evadidos: redactor de *El Ideal Gallego*”; revélase aquí a presenza de Blanco Torres, por motivos profesionais, nun xornal que era foro de oposición a unha posible normalización lingüística da lingua galega e de enfrontamento co nacionalismo das

²⁰ Vigo: A Nosa Terra, col. A nosa cultura, nº 20, abril 1999, 110 pp.

Irmandades da Fala co que por ese tempo comunga o escritor. Con “Blanco Torres na dictadura de Primo de Rivera” e sen desatender ás colaboracións na prensa da emigración, Marcos Seixo atende ó período do *Galicia* centrándose nos problemas coa censura e o enfrontamento con *El Pueblo Gallego*, de Portela Valladares. Parte do período primorriverista ocúpao tamén o artigo de Marcos Valcárcel “No xornalismo ourensán” que ademais de facer referencia á etapa en *La República* se detén nas temáticas predominantes en *La Zarpa*. Pola súa parte Montserrat Bascoy Lamelas e Marga Romero reproducen en “A musa alemana” os textos traducidos por Blanco Torres dos alemáns Detlev von Liliencron e Friederich Hebbel ó tempo que inciden na dimensión creadora que atinxe na man do cuntese o proceso de tradución destes poemas ó galego. Pola súa parte con “*Orballo da media noite: unha poética persoal*” propón Xosé M. Millán Otero a posibilidade de análise da proposta poética de Blanco Torres no compromiso entre tradición e vangarda non sen reparar na “paradoxal” afinidade filosófica co núcleo conservador do Grupo Nós. En “Os dramas de Ariel: Blanco Torres ante a prensa galega da época” realiza Antón Capelán unha interesante contextualización do xornalismo e do ideario político de Blanco Torres na prensa do seu tempo. Atractiva se presenta tamén a colaboración de Xoan Carlos Garrido Couceiro, titulada “A democracia na Galiza” na que afonda no concepto de democracia que se desprende do pensamento de Blanco Torres coa apelación do cuntese a métodos mesmo non democráticos como a necesidade da restricción temporal do voto feminino e rural. Ademais da “Cronoloxía” elaborada por Belén Pazos, o volume complementábase co seguimento da etapa nos xornais *El Noroeste* e *El País*. Do xornal coruñés ocúpase Carme Vidal en “En *El Noroeste*. Unha lición de xornalismo na prensa de partido” no que pon de relevo o pulo galeguista que atinxe esta publicación coa chegada de Blanco Torres. No tocante a *El País*, de Pontevedra, X. Enrique Acuña con “En *El País*. Coa terra” dá conta do republicanismo e do galeguismo do autor.

177

De entre todos estes artigos merece salientarse o de Pilar Pena Bua, titulado “A modernidade e Roberto Blanco Torres”. Con el, atende ao ámbito do pensamento, a penas tratado no resto dos traballos referidos e revelador da profundidade do cuntese. Sostén a autora que se ben Blanco Torres non é un filósofo en sentido estricto, o que se desprende do seu xornalismo é unha grande orixinalidade nas cuestións que lle interesan. Afóndase neste traballo na explicación acientífica da historia, no idealismo e o cuestionamento da razón como motor do progreso. Préstalle atención, así mesmo, ao influxo do ideario

da Ilustración e á importancia da educación e ós beneficios da ciencia. O artigo complementábase cunha atenta análise da figura do intelectual, concibida como peza clave para rematar coa concepción vulgar da política. Remata esta importante incursión no xornalismo do autor coa elección por parte de Pilar Pena Bua da relación “poder-conciencia” como tema clave que, ademais de marcar de inmediato a vixencia das súas ideas, tivo consecuencias no seu “tráxico final”.

Continuando a liña seguida nos últimos anos Edicións Xerais de Galicia achega a fermosa edición de *Roberto Blanco Torres 1891-1936. Unha fotobiografía*²¹, nunha edición coordinada por Xosé Cid Cabido. O percorrido fotográfico elaborado por Juan L. Blanco Valdés acompáñase con catro colaboracións: á de Francisco Fernández del Riego titulada “Memoria dun grande escritor e bo amigo” xa nos referimos por ser recollida nun dos volumes citados. O mesmo ocorre en certa maneira coa de Xosé Manuel Núñez Seixas que en “A dimensión política de Roberto Blanco Torres” realiza unha ampliación do artigo contextualizador tamén xa referido. Pola súa parte Marcos Valcárcel, “Roberto Blanco Torres, a forxa dun xornalista rebelde”, realiza un repaso das etapas máis relevantes do xornalismo blancotorriano poñendo o acento nunha cuestión desatendida en todos os estudos a que nos temos referido e que ten que ver coa necesidade de afondar na colaboración de Blanco Torres no xornalismo de ámbito estatal e na imaxe que Galicia estaba a dar no conxunto da España republicana. Complétase o libro cunha fermosa colaboración titulada “O poeta paseado”, na que Claudio Rodríguez Fer reflexiona sobre as causas do asasinato do poeta, inscrito na estratexia do terror deseñada por Mola, Franco e Queipo de Llano.

178

Por último referirémonos ó volume divulgativo que a Xunta de Galicia e a Federación de Libreiros de Galicia puxeron nas librerías de Galicia para a súa distribución gratuíta no Día das Letras Galegas. Este volume recolle ademais dunha escolma de textos críticos sobre Blanco Torres, unha cronobiografía elaborada por Luís Alonso Girgado e unha selección de textos do autor escollidos por Manuel Regueiro Tenreiro. Pero a contribución máis salientábel vén da man de Teresa Monteagudo ao ofrecer toda unha serie de referencias hemerográficas de Blanco Torres na prensa cubana coas que se cobre boa parte desta importante etapa no cuntiense así como do traballo que naquela prensa seguiu a desenvolver xa de regreso a Galicia.

²¹ Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 199, 173 pp.

6. O epistolario a Unamuno

Especialmente destacada, por diversos motivos, se nos revela tamén a edición da que é responsable Alexandre Rodríguez Guerra, lector de galego na Universidade de Salamanca, co título *Correspondencia inédita e obra xornalística non exhumada*²². Dá noticia de ata un total de douscentos vintecinco artigos de prensa da autoría de Roberto Blanco Torres pertencentes a datas que van dende 1907 a 1935 na prensa galega, española e da emigración. Pero ademais desta importante colección de artigos, que o editor promete aumentar noutra entrega, é salientábel a tentativa de poñer orde na amplísima produción xornalística de Blanco Torres e animar a incrementala, sempre coa modestia e coas limitacións que o propio Rodríguez Guerra reconece. Esta colección vese enriquecida aínda cun importante índice onomástico, relevantísimo a teor da amplitude e variedade do repertorio xornalístico. Así, ademais dunha nómina de pseudónimos e dunha lista de publicacións periódicas que tiveron á súa fronte a Blanco Torres, inclúese unha lista de máis de oitocentos traballos en prensa que supoñen, segundo o propio editor, unha cuarta parte do total.

Pero tal e como sinala Xesús Alonso Montero no prólogo, a edición das dezanove cartas de Blanco Torres a Miguel de Unamuno xustificaría xa a edición deste volume. E é que este epistolario vén corroborar a tantas veces aludida admiración que o cuntiense sentía por Unamuno. Aínda que o contido destes dezanove textos poida non brillar pola súa profundidade e non acheguen demasiada información para unha mellor comprensión da obra ou do pensamento do autor, sen embargo si que se tiran datos biográficos que servirán para corrixir imprecisións ou vacilacións difundidas ata o momento, como se encarga de apuntar o propio editor. Así, ademais de se confesar non crente en canto á relixiosidade, sitúase a data de chegada de Blanco Torres a Cuba en 1906, e o primeiro artigo publicado co pseudónimo de Fray Roblanto en 1905, en *El Noticiero de Vigo*. Outros datos que revelaría a información das cartas sería o seu cargo de director da revista *Suevia* ou a referencia á súa proxectada obra de prosa poética *Visiones gallegas*, da cal se perdeu o orixinal no afundimento do buque *Essex*. Da mesma maneira quedaría posta en cuestión a afirmación de Valentín Paz Andrade, quen relatou que Blanco Torres se entrevistou co intelectual vasco en Galicia, cando o barco que o levaba a Francia atracou no porto de Vigo.

²² Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Política Lingüística/Universidade de Salamanca. Área de Galego e Portugués/Lectorado Galego de Salamanca, 1999, 436 pp.

7. Cabo

Vimos de referirnos a un total de vinteún volumes que poñen de relevo a nivel editorial a eficacia da data do Día das Letras Galegas como importante motor recuperador daquelas figuras relegadas ao esquecemento, en moitos casos de maneira inxusta.

Se para o grande público Roberto Blanco Torres era antes un descoñecido quedan sentadas as bases para que isto deixe de ser así. Semella mesmo que, a resultas da divulgación desta figura e desta obra, se dispararán as dúbidas iniciais mostradas por algunhas voces sobre os merecementos do autor homenaxeado. Revélase cando menos a súa orixinalidade a nivel literario, a relevancia no xornalismo galego e español do seu tempo, o lugar tamén destacado no panorama político nacionalista e republicano e mesmo a vixencia dalgunhas das claves do seu pensamento como son as relacionadas con esa “loita pola supremacía ética” ou esa “hipertensión cívica”, que atinxen de xeito moi concreto ás latentes “perversións” da democracia que aínda hoxe seguen á orde do día.

180

Chegados a este punto cómpre facer mención ó número 57 da revista *Agália* (primavera 1999) que lle dedicou a maior parte dos traballos a Blanco Torres. Dos catro artigos relativos ó cuntese, dous son lembranzas: “Tío Roberto”, por Juan L. Blanco Valdés e “Roberto Blanco Torres na lembranza de Augusto Assía”, por Joel R. Gómez. O de Marcos Seixo “Blanco Torres no *Galicia. Diálogo de Vigo*” xa foi difundido no esencial noutros libros. Queda “Blanco Torres é noso! Bibliografía e hemerografía críticas” no que Luís González Blasco realiza un percorrido crítico por boa parte dos libros aquí tratados e pola atención prestada pola prensa galega ó Día das Letras Galegas. Para o autor o repaso destas publicacións confirma a súa tese de partida: as manobras de sabotaxe, ocultamento e minimización da figura de Blanco Torres. Segundo González Blasco estas manobras reflectiríanse no continuo ocultamento da ideoloxía nacionalista de Blanco Torres, expresado tanto nos percorridos biográficos coma na escolla dos textos no caso das escolmas, así como no silenciamento do seu “claro” reintegracionismo ó que os estudiosos citados se refiren como etimoloxismo.

Así e todo dá a impresión de que a fondura e a orixinalidade do pensamento de Blanco Torres se prestaba a unha maior cobertura crítica, complementaria da xa que máis lograda, cremos, dimensión divulgativa. En definitiva, unha

divulgación que no que atinxe ó ideario do autor mirou de cheo para a súa curta produción poética e para o seu decidido galeguismo e, se cadra, descoinou un tanto o seu republicanismo e sobre todo un universalismo no que parece agocharse unha figura complexa e realmente interesante.

Mario Romero Triñanes